



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Destinatarios: D. Abel Lamas Sánchez e Lois M. Toirán Vázquez, representantes da Comisión Promotora.

Asunto: Admisión da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular “*de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia*”.

Coñecido o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de data 28 de outubro de 2016, polo que:

- se admite a trámite a proposición de lei de iniciativa legislativa popular “*de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia*”.
- se declara constituída a comisión promotora, integrada polos membros que figuran no escrito de formalización da proposición de lei e na que figura igualmente a persoa que a representará para os efectos de notificación.

Todo isto en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei autonómica 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

Visto o disposto no artigos 7 e 8 da devandita lei, que fixan o procedemento ante a Xunta Electoral e as súas competencias nesta materia.

A Xunta Electoral de Galicia, por unanimidade, **a c o r d a :**

Notificarlle á representante da Comisión Promotora a admisión da proposición referenciada e recordarlle que segundo o disposto nos artigos 8 e 9 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, debe presentar ante a Xunta Electoral de Galicia o modelo de prego para a recollida das sinaturas e a relación de fedatarios e fedatarias.

A Coruña, 3 de novembro de 2016

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira

